

DISTRIBUCIÓN DE MASCARAS ENTRE ALUMNADO ESO - SOLICITUDES (Puntos de Interese Orde 28 de outubro 2021, DOG N°218 de 12 novembro)

ALUMNADO DESTINATARIO

O alumnado matriculado en ESO que, de acordo coa Orde do 6 de maio de 2021, pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2021/22:

1-Fose beneficiario da axuda para adquirir material escolar.

2-Non fose beneficiario da axuda para adquirir material escolar por diferentes circunstancias, pero:

- a) Pertenza a familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €
- b) Matriculado en educación especial, ou suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia ou teña unha discapacidade igual ou superior ao 65%, con independencia da renda da unidade familiar

PRAZO PRESENTAR SOLICITUDES

Do 15 ao 26 de novembro 2021

QUEN TEN QUE PRESENTALA SOLICITUDE

Deberán presentala pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado que non presentou solicitude de material escolar en tempo e forma ou resultou excluída. Sendo a solicitude única, para todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro.

ALUMNADO EXENTO DE PRESENTAR SOLICITUDE

Non terá que presentar solicitude o alumnado que fose beneficiario da axuda para adquirir material escolar no curso 21/22.

FORMA DE PRESENTACIÓN

Deberán presentarse presencialmente no centro docente onde estea matriculado o alumnado utilizando o formulario normalizado (Anexo I), dispoñible no centro, no portal educativo (edu.xunta.gal) e na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/>

DOCUMENTACIÓN

- **Solicitude [Código procedemento ED330E] (Anexo I), xunto co Anexo II** (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar)

- Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar. No caso de non telo ou este non reflecta a situación a **31 de decembro de 2019**, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:

*Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor

* Certificado ou volante de convivencia

* Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

-De ser o caso: Certificado do grao de discapacidade do/a alumno/a ou calquera membro da familia / Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar /outra documentación indicada no art. 9 Orde 28 de outubro de 2021 (DOG N°218)

A documentación complementaria da solicitude presentarase presencialmente no centro docente, onde estea matriculado o alumno. Caso de que xa a presentara coa solicitude de material escolar 21/22, non será necesario achegala de novo.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Consultaranse automaticamente (agás que se opoñan a consulta): DNI o NIE solicitante (ou seu representante) e do resto dos membros computables da unidade familiar, e solicitarase o consentimento expreso para consultar a declaración do IRPF ou, na súa falta, o certificado tributario de **imputacións no exercicio 2019** da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar, de ser o caso. Estas e outras formas de consulta, recóllense no art. 10 da Orde 28 outubro 2021.